[PLG/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o día 12 de setembro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Carmen María Pomar Tojo
(Presidenta)
José Luis Ferro Iglesias
(Vicepresidente)
Paulo Ríos Santomé
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P)
Victor Manuel Baladrón Lamas
(en substitución de Cristina Campero Dorado)
María Deza Martínez
Rubén Lorenzo Gómez
Argimiro Marnotes Fernández
Gonzalo Trenor López
Katherinie Varela Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG)
Xosé Luís Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S)
Paloma Castro Rey
Carlos López Font
Grupo Parlamentario Mixto (M)
Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:
Director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas
Directora xeral de Patrimonio Natural
Director xeral do Instituto de Estudos do Territorio
Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como ás pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento do punto primeiro da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 1. Preguntas

1.1 7189 (12/POC-001028)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a situación do tramo da estrada PO-313 no concello de Moaña no relativo á seguridade viaria, así como sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a seguridade e a mobilidade de peóns e vehículos tanto neste caso como, en xeral, nas estradas integradas nos espazos urbanos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 08.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao señor Ríos Santomé (BNG), quen, previo abandono do seu lugar da Mesa da Comisión, de conformidade co establecido no artigo 82 do Regulamento da Cámara, expón os motivos nos que se basean as cuestións concretas que se conteñen na súa iniciativa sobre as medidas a tomar polo Goberno galego para mellorar en materia de infraestruturas e seguridade viaria no tramo da estrada PO-313 no concello de Moaña.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas–AXI (Consellería de Vivenda, Planificación e Infraestruturas), Francisco Menéndez Iglesias.

Na rolda de réplica o señor Ríos Santomé (BNG), expón diferentes consideracións a respecto da información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións, ás que lle contesta nunha nova intervención o director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas–AXI, (Consellería de Vivenda, Planificación e Infraestruturas), Francisco Menéndez Iglesias, e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa.

A Presidencia agradécelle ao señor Menéndez Iglesias, a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e descúlpao de seguir na sesión, da que se ausenta.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

1.2 7206 (12/POC-001039)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Carreira Pazos, Iria

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre o estado de conservación das especies endémicas ameazadas das áreas de serpentinas de Melide, a súa evolución entre 2009 e 2019 e as principais ameazas, así como sobre as previsións respecto da aprobación do seu plan integral de recuperación e conservación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 08.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao señor Bará Torres (BNG), quen amosa os motivos nos que se basean as cuestións concretas que figuran na súa iniciativa sobre o plan integral de recuperación e conservación das especies endémicas ameazadas das áreas de serpentinas de Melide. Asemade, salienta desconformidade coa información recibida por escrito por parte do Goberno galego ao abeiro do artigo 9.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a directora xeral de Patrimonio Natural (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático), María Sol Díaz Mouteira.

Na rolda de réplica o señor Bará Torres (BNG) amosa a súa insatisfacción coa información recibida e considera que non se lle deu resposta ás cuestións formuladas.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da directora xeral de Patrimonio Natural (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático), María Sol Díaz Mouteira, quen puntualiza a súa intervención anterior e salienta que deu cumprida resposta ás cuestións suscitadas.

A Presidencia agradécelle á señora Díaz Mouteira a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e descúlpaa de seguir na sesión, da que se ausenta.

A seguir, pásase ao debate da terceira iniciativa:

1.3 7401 (12/POC-001126)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre o número de familias e concellos que se viron beneficiados das axudas de corrección dos impactos paisaxísticos e o balance que fai o Instituto de Estudos do Territorio desta orde de axudas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 64, do 09.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao señor Trenor López (P), quen procede á formulación concreta das cuestións que figuran na iniciativa, con ampliación das argumentacións que aparecen publicadas por escrito no BOPG que anteriormente se refire.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o director xeral do Instituto de Estudos do Territorio (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático), Enrique Luís de Salvador Sánchez.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de réplica o señor Trenor López (P) agradece a información recibida, que comenta brevemente con novas consideracións ao respecto, ás que lle contesta nunha nova intervención o director xeral do Instituto de Estudos do Territorio (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático), Enrique Luís de Salvador Sánchez, e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa.

A Presidencia agradécelle ao señor De Salvador Sánchez, a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e descúlpao de seguir na sesión, da que se ausenta.

A continuación, éntrase no desenvolvemento do punto segundo da orde do día:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 5854 (12/PNC-000704)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para levar a cabo determinadas reformas das estradas PO-317 e PO-316 no concello do Grove
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

Intervén a señora Castro Rey (S), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso, que insta o Goberno galego sobre as medidas que debe adoptar para levar a cabo determinadas reformas das estradas PO-317 e PO-316, no concello do Grove.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento, fan uso da palabra os señores Bará Torrres (BNG) e Trenor López (P); ambos intervenientes deixan constancia das súas argumentacións ao respecto co pronunciamento favorable do voceiro do grupo da oposición e o rexeitamento do voceiro do grupo maioritario da Cámara (nesta rolda de o voceiro do G.P. Mixto, Armando Ojea Bouzo declinou a súa intervención).

Na rolda de puntualizacións a señora Castro Rey (S) expón diferentes consideracións a respecto das argumentacións manifestadas polo voceiro do grupo maioritario e insiste na defensa da súa proposta.

Deseguido, pásase ao debate da segunda iniciativa:

2.2 5967 (12/PNC-000719)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da reforma integral do paseo do Cantiño, na Illa de Arousa

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

Intervén, novamente, a señora Castro Rey (S), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei que insta o Goberno galego sobre as medidas que debe levar a cabo para co fin de reformar o paseo do Cantiño, na Illa de Arousa.

A esta iniciativa tampouco se presentaron emendas, polo que aberta a rolda dos grupos parlamentario para fixar o seu posicionamento interveñen os señores: Ríos Santomé (BNG) e Santamaría García (P); ambos intervenientes deixan constancia das súas argumentacións ao respecto con pronunciamento favorable do voceiro do grupo da oposición e o rexeitamento do voceiro do grupo maioritario da Cámara (nesta rolda o voceiro do G.P. Mixto, Armando Ojea Bouzo, declinou a súa intervención).

Ao esgotarse o debate das iniciativas, a señora presidenta dá paso ao trámite das votacións pola orde na que figuran na convocatoria e cos resultados que se reflicten a seguir:

1)Iniciativa **doc. núm. 5854 (12/PNC-000704), do G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor ..... 8(GG.PP.:BNG+S+M)
. votos en contra ..... 9(G.P.P)
. abstencións 0

2)Iniciativa, doc. núm. **5967 (12/PNC-000719), do G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor ..... 8(GG.PP.:BNG+S+M)
. votos en contra ..... 9(G.P.P)
. abstencións 0

Remata a sesión ás 13:01 horas.

V. e pr.

Carmen Pomar Tojo

Firmado digitalmente por Carmen Pomar Tojo
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Carmen Pomar Tojo, email=carmen.pomar.tojo@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.03 13:44:39 +02'00'

Paulo Ríos Santomé

Firmado digitalmente por Paulo Ríos Santomé
Fecha: 2024.10.03 13:39:38 +02'00'

Paulo Ríos Santomé
Secretario da Comisión

Carmen María Pomar Tojo
Presidenta da Comisión